



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

INFORME

A Lei 3/1983 de normalización lingüística, no seu artigo 25, indica que as corporacións locais fomentarán a normalización do uso do galego na actividade cidadá, obxectivo que sinala así mesmo a Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

O Plan xeral de normalización da lingua galega contén como un dos seus obxectivos xerais no sector da economía e máis concretamente na área de comercio “Alentar as empresas a valorar os beneficios derivados da incorporación da lingua galega ás actividades comerciais”.

O Plan de normalización lingüística do Concello e Santiago establece, así mesmo, o obxectivo de “Potenciar o papel da Administración municipal como referente para a galeguización do sector socioeconómico” e presenta como unha das medidas para o desenvolver “O establecemento de convenios con organizacións empresariais para o desenvolvemento de accións de promoción da lingua galega”.

De acordo co anterior, o Concello de Santiago e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela asinaron o 9 de xuño de 2000 un convenio de colaboración para convocar o Premio Manuel Beiras co fin de outorgar un recoñecemento público ao esforzo de normalización do uso do galego no sector empresarial.

Consonte as previsións que contén o devandito convenio, elaboráronse unhas bases que o veñen rexendo e nas que se establecen dúas categorías: empresas cun uso continuado e empresas que se incorporaron recentemente ao uso da lingua. Prevese tamén a posibilidade de que o xurado outorgue unha distinción especial a algunha persoa ou entidade que se teña destacado pola súa contribución ao proceso de normalización do galego no ámbito empresarial. O contido do premio é simbólico, represéntase nunha escultura de Acisclo Manzano deseñada para este fin e entrégase nun acto público. A organización e presidencia do xurado corresponde en anos alternos ao Concello e á Cámara de Comercio.

A convocatoria 2012, décimo terceira edición, corresponde organizala ao Concello de Santiago. Segundo a distribución de responsabilidades que se vén seguindo en todas as edicións, o Concello encárgase nesta ocasión do evento de entrega e da difusión da convocatoria e a Cámara de Comercio contribúe ás accións encamiñadas a dar publicidade ao premio e responsabilízase das reproducións da escultura que se entregará aos premiados. O orzamento estimado dos gastos municipais ascende á cantidade de 3.865,32 euros, desagregados como segue:

- Deseño e impresión do folleto informativo e tarxetóns: 1.669,32 €
- Distribución da publicidade impresa: 695,75 euros.
- Ágape para o acto de entrega dos premios: 1.500 €

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2012

A TÉCNICA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Asdo.: Socorro García Conde